

GUIA DO TFG DA FACULDADE DE MEDICINA DA USC

(Aprobada pola Comisión conxunta do TFG do Grao en Medicina e do Grao en Odontoloxía o 7 de novembro de 2023)

Este documento completa o xa previamente existente denominado Regulamento de Traballo Fin de Grao en Medicina e Regulamento de Traballo Fin de Grao en Odontoloxía (aprobados na Xunta de Facultade o día 22-10-2020 e polo Consello de Goberno o 30 de outubro de 2020) e incide nos aspectos aos que se fai referencia no citado documento.

Neste documento preténdese ofrecer ao alumnado, de forma resumida, unhas directrices e opcións que faciliten a consecución do seu Traballo Fin de Grao (TFG) da maneira máis axeitada posible.

1.- Introducción

O TFG é unha materia máis da titulación, que consiste na elaboración por parte do/a estudante, de forma individual e baixo a supervisión dun/ha ou máis titores/as académicos/as, dun traballo orixinal no que se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades en investigación e comunicación, adquiridas durante os estudos do Grao en Medicina / Grao en Odontoloxía. Para poder presentar o TFG é preciso ter superados todos os créditos da titulación, agás os 6 do TFG e, ter superada a ACOE (Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada) no caso do Grao en Medicina.

2.- Marco Legal

Os TFG, teñen tres niveis de regulación, a nivel estatal, na USC e na Facultade de Medicina e Odontoloxía.

No ámbito estatal os TFG aparecen regulados no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. No artigo 14.6 indícase “El trabajo de fin de Grado, de carácter obligatorio y cuya superación es imprescindible para la obtención del título oficial, tiene como objetivo esencial la demostración por parte del o la estudiante del dominio y aplicación

de los conocimientos, competencias y habilidades definatorios del título universitario oficial de Grado. Este trabajo de fin de Grado dispondrá de un mínimo de 6 créditos para todos los títulos, y un máximo de 24 créditos para los títulos de 240 créditos, de 30 créditos en los títulos de 300 créditos y de 36 créditos en los títulos de 360 créditos. Deberá desarrollarse en la fase final del plan de estudios, siguiendo los criterios que cada universidad o centro establezca. Asimismo, los trabajos de fin de Grado deberán ser defendidos en un acto público, siguiendo la normativa que a tal efecto establezca el centro o en su caso la universidad.”

Con este marco legal e en exercicio da súa autonomía, as distintas universidades españolas desenvolveron disposicións reguladoras relativas aos TFG. En concreto, o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, aprobou o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (DOG de 22 de decembro de 2022).

O artigo 24 do Regulamento establece “O traballo fin de grao terá carácter obrigatorio e a súa superación será imprescindible para obter o título oficial. Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos. Terá un mínimo de 6 créditos. O número máximo de créditos será de 24 para os títulos de 240 créditos, de 30 para os títulos de 300 créditos e de 36 para os títulos de 360 créditos”.

O Consello de Goberno aprobou o 30 de outubro de 2020 o Regulamento do TFG do Grao de Medicina e do TFG do Grao en Odontoloxía no que se establece “O TFG é unha materia mais da titulación, que consiste na elaboración, por parte do/a estudante, de forma individual, baixo a supervisión dun/dunha titor/a académico/a, dun traballo orixinal no que se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades en investigación e comunicación, adquiridas durante os estudos do Grao en Medicina / Grao en Odontoloxía. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estará orientado á avaliación das competencias asociadas á titulación como: a capacitación para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo”.

3.- Estrutura do TFG

De acordo co Regulamento do TFG do Grao en Medicina / Grao en Odontoloxía aparece caracterizado como un primeiro traballo de investigación. Recoméndase que teña unha extensión de entre 30 e 50 páxinas nas que o/a estudante mostre os seus coñecementos sobre o estado do problema a investigar; os obxectivos e plan do traballo; o material e métodos; os resultados; a discusión, e as conclusións. Non se establecen limitacións no número de figuras e táboas incluídas na dita extensión recomendada. As normas de maquetación indicadas no punto 3.1 *son orientativas*.

A estrutura do TFG seguirá aproximadamente as pautas habituais das publicacións científicas na Área de Ciencias da Saúde (<http://www.icmje.org>), incluíndo obrigatoriamente un resumo cunha extensión máxima de 300 palabras. Proponse a seguinte estrutura propia de calquera traballo de investigación como forma de redacción:

- a. Índice.
- b. Resumes en galego, español e inglés (abstract), incluíndo as palabras clave.
- c. Introducción, Hipóteses de Traballo e Obxectivos.
- d. Material e Métodos. Detallando o tipo de deseño de estudo de investigación realizado.
- e. Resultados.
- f. Discusión.
- g. Conclusións.
- h. Referencias Bibliográficas (seguindo as normas Vancouver).
- i. Anexos. Poderase achegar toda aquela documentación que sexa relevante para a comprensión e clarificación do traballo desenvolvido, preferiblemente sen superar o límite das 50 páxinas establecido.

Nos prazos establecidos o/a estudante realizará na súa secretaría virtual a solicitude de defensa do TFG, onde subirá en formato pdf o traballo realizado.

3.1.- Normas de maquetación (orientativas)

- Formato: escrito a dúas caras (A4).
- Marxes: superior e inferior: 3 cm, esquerdo: 3 cm, dereito: 2 cm.
- Texto base: Times New Roman 12pt., xustificado
- Entreliñado sinxelo.

- A numeración das páxinas colocarse na parte inferior dereita da páxina.
- As páxinas de inicio de capítulo ou as páxinas en branco non levarán nin cabeceira nin numeración.
- Títulos: Times New Roman 14pt., esquerda.
- Cabeceiras (se as hai): Times New Roman 10pt.
- Notas ao pé de páxina: Times New Roman 9pt., texto xustifico

O modelo de portada figura nos anexos ao final deste documento como “*Traballo de fin de grao – Título en galego/castelán/inglés*”

4.- Selección de titor/a e/ou cotitor/a.

O/A titor/a do TFG será Persoal Docente e Investigador (PDI) doutor, incluídos os PACS doutores, das áreas que imparten docencia no Grao en Medicina / Grao en Odontoloxía. Poderán participar como cotitores/as o resto do PDI da USC, PACS non doutores e colaboradores docentes dos hospitais universitarios que participan na docencia da titulación do Grao en Medicina / Grao en Odontoloxía. No caso de cotitorías de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse a dita circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente indicando a súa dedicación.

O/A estudante poderá propoñer á Comisión de Coordinación do TFG un/unha titor/a e cotitor/a de mutuo acordo ou pode solicitar á Comisión de Coordinación que lle asigne un/unha titor/a para a realización do traballo. A elección do/da titor/a e cotitor/a por parte do/a estudante estará en función da orientación e características do traballo. A descentralización de 6º curso nos diferentes hospitais, no caso do Grao en Medicina, é unha gran oportunidade para que o alumnado coñeza o hospital polo que rota e poida elixir un/unha titor/a ou cotitor/a no hospital correspondente. No caso de optar por un/ha cotitor/a do hospital no que está descentralizado deberá contactar cun PDI doutor dunha Área que imparta docencia no Grao en Medicina.

A proposta de Traballo fin de grao e de titor/a, cotitor/a realizarase no formulario “*Proposta de traballo e titor/a do TFG – Grao en*” que figura nos documentos Anexos ao final deste documento. A proposta consta de dúas partes:

- 1.- Envío do formulario cuberto e asinado por todas as partes ao enderezo electrónico: medicina.tfg@usc.es / odontoloxia.tfg@usc.es. A sinatura pode ser manual ou electrónica.

2.- Envío do mesmo formulario en liña.

O prazo de proposta será a partir de mediados de outubro e farase público na web da Facultade.

As funcións do titor/a do TFG son as seguintes:

- Proponer ao/á estudante cuestións de relevancia que poidan ser obxecto dun traballo de investigación e, facilitar ao/á estudante a metodoloxía necesaria para a obtención e análise de datos.
- Orientar ao/á estudante e realizar o seguimento de todo o proceso de elaboración do TFG.
- Avaliar o traballo unha vez finalizado e, permitir a exposición e defensa do traballo.

A avaliación do traballo terá en conta os seguintes epígrafes:

1. Asistencia ás titorías, realización das tarefas na forma e na data prevista e, finalización do TFG no prazo establecido.
2. Grao de autonomía do/a estudante durante a realización do traballo.
3. Capacidade de organización e planificación do traballo.
4. Capacidade para realizar unha busca de bibliografía exhaustiva, seleccionar os artigos máis relevantes e realizar unha análise crítica da información e da súa aplicación ao tema elixido.
5. Capacidade para formular hipóteses e obxectivos e para deseñar unha investigación e poñela en marcha.
6. Capacidade para analizar os datos obtidos da investigación, discutir os resultados e extraer conclusións do traballo.
7. Iniciativa ao abordar o traballo (implicación) e interese por realizar un traballo de calidade (rigoriedade).
8. Linguaxe escrita correcta e profesional. Terminoloxía axeitada para o tema tratado.
9. Contidos, estrutura e extensión da memoria apropiados.
10. Edición da memoria coidada e acorde ás normas dun traballo científico deste tipo.

Só poderán defenderse aqueles traballos que obteñan unha cualificación do/a titor/a igual ou superior a 3 sobre 6 (puntuación total do titor/a de 0 a 6). A avaliación do titor/a realizarase no formulario “Avaliación do/a titor/a” e subirase á secretaría virtual en formato pdf sen asinar. O formulario figura nos documentos Anexos.

5.- Modalidades de TFG.

5.1.- Traballos que necesitan autorización do Comité de Ética na Investigación (CEI) ou informe previo do centro.

No ámbito de traballo no que se desenvolven os TFG do Grao en Medicina / Grao en Odontoloxía hai un compoñente importante de actividade clínica que necesita a autorización do Comité de Ética. Ao Comité de Ética debe dirixirse o/a titor/a e non o alumnado. A autorización debe tramitarse antes do inicio do traballo fin de grao o que fai complexa esta opción de traballo polo que se recomenda outra opción de TFG.

Os Traballos de investigación realizados ao abeiro dos estudos ofertados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) que se realicen con seres humanos, as súas mostras ou os seus datos, fóra do marco de proxectos de investigación, deberán ser avaliados e informados, previamente a súa realización, favorablemente polo Comité de Bioética da USC (en adiante Comité).

Precisarán informe favorable do Comité, previo á súa realización, os Traballos académicos de Investigación:

- a) Que requiran que o/a estudante traballe directamente con persoas (entrevistas, probas, medicións, intervencións).
- b) Cando se recollan mostras biolóxicas humanas.
- c) Cando se obteñan datos persoais ou datos persoais de categorías especiais.
- d) Aqueloutros que se realicen sobre este tipo de fontes (datos ou mostras de seres humanos) aínda que non sexan recollidas especificamente para o mesmo.

Unha excepción a esta norma sería a posibilidade de utilizar casos illados ou unha pequena serie de casos. O termo “pequena” non indica un número concreto (sempre limitado, de moi poucos), senón que a finalidade é describilos un a un, como si de casos illados se tratase. Neses casos, o consentimento informado escrito dos doentes é suficiente.

Non requirirán informe do Comité:

- a) Os Traballos académicos de investigación consistentes no deseño dunha proposta de investigación ou de intervención que non se vai executar.
- b) Os Traballos que se desenvolvan no marco dun proxecto de investigación previamente aprobado por un CEI, ou usen datos secundarios deste, sempre que se manteñan dentro dos parámetros do proxecto aprobado.

c) Os traballos que usen datos anonimizados de fontes públicas, por exemplo, o CMBD (Conxunto Mínimo Básico de Datos dos informes de alta de España) ou as bases de datos que agora frecuentemente acompañan como suplemento aos artigos publicados, e inclúen os datos de estudo.

d) Os traballos que utilizan datos agregados (estudos de corte ecolóxico) nos que non se usan datos individuais senón con datos de grupos de persoas dunha característica (área, país ou outra), por exemplo, as estatísticas públicas do Instituto Nacional de Estadística (INE) ou as buscas en Googlesearch.

e) Os traballos de revisión sistemática ou meta-análises, os traballos sobre historia da Medicina ou os traballos sobre metodoloxía docente.

O procedemento para a solicitude de avaliación e obtención de informe do Comité da USC levarase a cabo segundo o procedemento que está publicado na Resolución reitoral sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais. A normativa figura ao final deste documento onde se inclúe o formulario de solicitude que deberá presentarse no caso de necesitar a autorización, despois da aprobación da proposta de traballo e titor/a.

O incumprimento do indicado nos apartados anteriores suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións. Como é doado comprender, o tema ético é sempre delicado, máxime tendo en conta a Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.

Os traballos con animais de experimentación requiren a aprobación a priori por un Comité de Benestar Animal recoñecido.

5.2.- Traballos de investigación.

En xeral os traballos de investigación deben desenvolverse aplicando deseños analíticos de estudo propios da investigación biomédica experimentais, non experimentais ou instrumentais:

- Estudos non experimentais (observacións):

- Ecolóxicos.
- De prevalencia ou transversais.
- Casos e controis
- De seguimento: Cohortes prospectivas ou retrospectivas.
- Estudos experimentais:
 - Ensaio clínico aleatorizado.
 - Ensaio comunitario (clustered trial).
 - Ensaio de campo.
- Estudos instrumentais:
 - Validación diagnóstica.
 - Pronósticos.
 - Deseño de instrumental.
- Estudos de revisión:
 - Revisión sistemática.
 - Meta-análises.

5.3.- A Revisión sistemática como modalidade de TFG

5.3.1 Concepto

A revisión sistemática é un traballo de investigación secundaria que non ten as consideracións éticas que si incumben ás investigacións primarias. Pola relevancia que adquiriu como opción de TFG, coméntase polo miúdo neste apartado. O seu obxectivo é analizar de forma crítica as investigacións primarias publicadas sobre o tema a estudar. A súa metodoloxía asegura: a reproductibilidade do estudo; resultados contrastados sen rumbos (aspectos que a distinguen dunha revisión bibliográfica narrativa); a obtención de conclusións que, cando está orientada ao estudo de indicación de intervencións, poden ser de utilidade na toma de decisións de actuación na práctica clínica; así como a posta de manifesto de aspectos non abordados ou controvertidos sobre o tema, que poden ser de interese para o deseño de posteriores proxectos de investigación.

Unha revisión sistemática é un estudo de investigación porque ten una pregunta nítida a contestar e segue un método contrastable e reproducible para contestala. Nisto diferénciase dunha mera revisión narrativa. Non é necesario facer un meta-análise, é dicir, cálculos

estatísticos cos resultados da revisión sistemática (un estudo de estudos) aínda que, por suposto, pode facerse e engadiría valor ao TFG.

O/A estudante deberá realizar unha revisión sistemática cumprindo correctamente os diferentes pasos da metódica (guía que se achega) e comunicaraa seguindo a estruturación habitual nun estudo científico: Título claro e conciso, resumo, obxectivos e xustificación (pregunta a investigar), material e métodos, resultados, discusión, conclusións e bibliografía. No apartado de material e métodos debe facerse constar que se trata dun estudo realizado mediante Revisión Sistemática.

5.3.2.- Pautas para a realización da Revisión Sistemática como Memoria do TFG

Aconséllase ao/a estudante unha boa información previa do que é e o que non é unha revisión sistemática. É conveniente revisar as publicacións (artigos de acceso libre) de Uman LS. Systematic reviews and meta-analyses. J Can Acad Child Adolesc Psychiatry 2011; 20:57-9 e Ferreira González I, Urrútia G, Alonso-Coello P. Systematic reviews and meta-analysis: scientific rationale and interpretation. Rev Esp Cardiol 2011;64:688-96, que resumen adecuadamente o proceso dunha revisión sistemática, e ao seguinte esquema:

REALIZACIÓN DA REVISIÓN SISTEMÁTICA	PROCESO DE REDACCIÓN DO TFG, (Apartado no que se debe incluír)
Elección do tema e o seu obxectivo	Introdución, obxectivos e xustificación. Definindo o porqué das cuestións para investigar e citando a bibliografía consultada na elección do tema. Tipicamente, para a definición da pregunta a investigar úsase o acrónimo PICO (Problem/Population, Intervention, Comparison, Outcome [Resultados])
Procura de forma sistematizada. Protocolo de procura: - Fontes de información utilizadas: Bancos de datos (tipo Medline), revistas científicas, textos, etc. - Definición/selección de palabras clave e a súa utilización: - Idioma - En etapas (procura xeral e coutada, etc) - Forma de utilización segundo a fonte de información, etc.	Material e métodos

Definir os criterios de inclusión e exclusión das publicacións no estudo: - Idioma da publicación - Intervalo de tempo da procura. - Aspectos considerados no estudo - Metodoloxía. - Rumbo nos resultados, etc.	Material e métodos Típicamente, para a selección das fontes a revisar usase a estatexia PRISMA (<i>Preferred Reporting Items for Systematic Reviews and Meta-Analyses</i>)
Diagrama ou relato do proceso de selección (bibliometría)	Material e métodos
Análise narrativa de: a) Os resultados das investigacións primarias seleccionadas e sínteses dos resultados. b) Da calidade das publicacións (cales se consideran de maior relevancia para o estudo).	Resultados
Análise do porqué das coincidencias e as discrepancias nos resultados.	Discusión e Conclusións
Aspectos controvertidos ou non suficientemente estudados. Conclusións.	Discusión e Conclusións
Bibliografía	Bibliografía

5.4.- A presentación dun Proxecto de investigación como modalidade de TFG.

5.4.1 Concepto

O TFG poderá consistir na presentación dun Proxecto de investigación seguindo as pautas dos proxectos oficiais en convocatorias públicas en réxime de concorrencia competitiva (exemplo, modelos do Instituto Carlos III).

5.4.2 Pautas para a realización do Proxecto de investigación como modalidade do TFG:

Neste modelo o/a estudante debe propoñer:

1. Título dun proxecto que xurda por algunha dúbida da materia que elixise para facer o TFG.
2. Antecedentes e estado do tema. Inclúe unha revisión bibliográfica que nas convocatorias do ISCIII adoita estar limitado a 3 páxinas pero permítense ata 5 páxinas, deste xeito o/a alumno/a aprenderá a concretar e a definir o que é realmente importante na revisión bibliográfica que fixese para expor o obxectivo do seu traballo.
3. Bibliografía consultada para elaborar o punto anterior e que se limitará a un máximo de 25 citas (equivale a unha páxina nos proxectos do ISCIII).

4. Hipótese do estudo.
5. Obxectivos do estudo sendo importante distinguir o obxectivo principal e obxectivos secundarios.
6. Metodoloxía. Neste apartado o alumno deberá expoñer:
 - Período do estudo que cre é necesario para alcanzar os obxectivos: duración do mesmo razoado en función da prevalencia da enfermidade e outros datos epidemiolóxicos que poidan explicar a elección do devandito período.
 - Criterios de selección dos pacientes ou as mostras e cales serán os seus criterios de inclusión e de exclusión, se houber algún.
 - Materiais e métodos que se utilizarán no estudo coa secuencia dos mesmos e un posible cronograma.
 - Cálculo do tamaño da mostra.
 - Análise estatística que se aplicará aos datos que se obteñan.
 - Fortalezas e limitacións do estudo.
 - Aspectos éticos nos que deberán explicar a lexislación que se aplica e os requirimentos da Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales e solicitude de autorización aos Comités de Ética (é dicir, os documentos que se enviaron para solicitar esa autorización). Neste apartado e como Anexo deberían incluír un modelo de consentimento informado.
7. Etapas do estudo e persoal que se precisaría. Trátase de definir o número e o perfil de persoas que se deberían incluír no proxecto para conseguir os obxectivos.
8. Medios dispoñibles na entorna. A estes efectos, poderá consultarse de que plataformas de investigación, de seren precisas, se dispón na entorna (universidades, hospitais e institutos de investigación sanitaria).
9. Cálculo dun orzamento que sería necesario para realizar o estudo.

ANEXOS

Traballo de
fin de grao

Título en galego (máximo 200 caracteres)

Título en castelán (máximo 200 caracteres)

Título en inglés (máximo 200 caracteres)

Autor/a: Nome e apelidos

Titor/a: Nome e apelidos

Cotitor/a: Nome e apelidos

Departamento:

(especificar o mes e o ano da defensa)

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en

PROPOSTA DE TRABALLO E DE TITOR/A DO TFG – GRAO EN

Curso Académico 202... /202...

DATOS DO/A ESTUDANTE

APELIDOS:
NOME:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
TÍTULO DO TFG:

Introdución e obxectivos do Traballo (máximo 250 palabras)

DATOS DO/A TITOR/A:

APELIDOS:
NOME:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
DEPARTAMENTO:

DATOS DO/A 2º TITOR/A (neste caso non poderá asignarse cotitor/a, cotitores/as):

APELIDOS:
NOME:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
DEPARTAMENTO:

DATOS DO/A COTITOR/A (se o traballo ten dous/dúas titores/as, non poderá asignarse cotitor/a):

APELIDOS:
NOME: DNI:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
DEPARTAMENTO/SERVIZO/HOSPITAL:

DATOS DO/A 2º COTITOR/A (só en casos excepcionais autorizados pola Comisión):

APELIDOS:
NOME: DNI:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
DEPARTAMENTO/SERVIZO/HOSPITAL:

Santiago de Compostela, de de 202.....

Sinatura do/a estudante

Sinatura do/a titor/a

Sinatura do/a cotitor/a

Sr/a Coordinador/a do Traballo Fin de Grao

AVALIACIÓN DO/A TITOR/A

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
 FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA
 TRABALLO FIN DE GRAO EN

D/Dona
 Profesor/a do Departamento de
 Fai constar que o TFG.....
 Realizado polo/a alumno/a D/Dona

Ten a seguinte valoración:

Por favor, valore os seguintes aspectos do TFG (a valoración está comprendida entre 1 e 5; o 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta):

	1	2	3	4	5
1. Asistencia ás titorías, realización das tarefas na forma e na data previstas, e finalización do TFG no prazo establecido					
2. Grao de autonomía do/a estudante durante a realización do traballo					
3. Capacidade de organización e planificación do traballo					
4. Capacidade para realizar unha busca de bibliografía exhaustiva, seleccionar os artigos máis relevantes e realizar unha análise crítica da información e da súa aplicación ao tema elixido					
5. Capacidade para formular hipóteses e obxectivos e para deseñar unha investigación e poñela en marcha					
6. Capacidade para analizar os datos obtidos da investigación, discutir os resultados e extraer conclusións do traballo					
7. Iniciativa ao abordar o traballo (implicación) e interese por realizar un traballo de calidade (rigoriedade)					
8. Linguaxe escrita correcta e profesional. Terminoloxía axeitada para o tema tratado.					
9. Contidos, estrutura e extensión da memoria apropiados					
10. Edición da memoria coidada e acorde ás normas dun traballo científico deste tipo					

Valoración do titor/a (suma x 0.12)

En Santiago de Compostela,dede 202.....

Asdo.: O(s)/A(s) titor(es)/a(s)

Asdo.: O(s)/A(s) cotitor(es)/a(s)

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: JULIAN ALVAREZ ESCUDERO, NIF ***3812**, 20/11/2023 21:22:35.

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL PILAR FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, NIF ***3436**, 20/11/2023 19:34:26.

CSV: 8554-500E-44DD-9ECC